



## **BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2024** **(CEIP AREALONGA)**

**Artigo 1.** O servizo de CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2024 é un programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia, co obxectivo de conciliar as responsabilidades familiares, persoais e profesionais ao mesmo tempo que garante a igualdade de oportunidades.

### **Artigo 2.:** Modalidades:

O servizo presentará dúas modalidades:

- **SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO:** con actividades de ocio e ocupación do tempo de lecer baseadas nos principios da educación non formal, en horario de 9.00 a 14.00 h (con PLAN MADRUGA en horario de 8.00 a 9.00 h. para aqueles solicitantes que o demanden expresamente)
- **SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR.** Destinado aos/ás menores que o soliciten, en horario de 14.00 h a 15.00 h. (ver anexo IV)

### **Artigo 3.** Obxectivos.

Os obxectivos do servizo son:

- Desenvolver actividades dentro do eido da educación non formal aproveitando os periodos vacacionais dos/as menores.
- Desenvolver un programa que aproveite o potencial do tempo libre dos/as menores.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o disfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores



#### **Artigo 4. Destinatarios/as.**

1. O Servizo está dirixido aos nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2020, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral ou participen nun proceso de formación regrado ou oficial, impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas, no horario de desenvolvemento do servizo, acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias. No caso de nenos/as non empadroados, os/as pais, nais ou titores terán que demostrar o desempeño da súa actividade laboral no municipio de Vilagarcía de Arousa. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor.

No caso de que o total de prazas, non se cubra por parte deste perfil de proxenitores, se procedería a cubrir as prazas restantes segundo os baremos.

En ningún caso, poderán solicitar acceso ao servizo, as unidades familiares nas que un dos seus proxenitores estea en situación de excedencia por coidado do/a menor.

2. Enténdese por unidade familiar para os efectos deste servizo :
  - A) A formada polos cónxuxes ou relación análoga e os seus descendentes menores de 18 anos ou maiores de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que convivan habitualmente.
  - B) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes menores de 18 anos ou maiores de 18 anos cunha minusvalidez igual ou superior ao 33%, que convivan habitualmente.
  - C) A formada polo/a posible beneficiario/a e os/as seus/súas acolletores/as de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.
  - D) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.



4. Enténdese por familia monoparental, a unidade familiar á que se refire o apartado 3, cando formase parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

**Artigo 5. Lugar e Data.**

Desenvolverase do 1 de xullo ao 14 de agosto de 2024 no CEIP AREALONGA en Vilagarcía de Arousa.

**Artigo 6. Horario.**

O horario establecido será de 9.00 h a 14.00 h (ata as 15.00 h aqueles nenos e nenas insritos no servizo de comedor), establecendo un tempo de lecer e de merenda a media mañá. Tamén se contempla a posibilidade de solicitar o Plan Madruga, en horario de 8.00 h. a 9.00 h. A entrada no servizo poderá realizarse nos seguintes tramos horarios: entre as 8.00 h. e 8.30 h para os/as solicitantes do Plan Madruga, entre as 9.00 h. e as 9.30 h. e a hora de recollida do nenos, entre as 13.30 h. e as 14.00 h. Horario de comedor: de 14.00 h a 15.00 h.

**Artigo 7. Prazas.**

O número de prazas coas que conta o Campamento Urbano de Verán é de 70 prazas. No caso de haber máis solicitudes que prazas, se accederá ao servizo tendo en conta a orde da puntuación acadada na baremación.

Resérvase un 25% das prazas para aquelas unidades familiares, con historia aberta en servizos sociais, que trala valoración dos/as técnicos/as dos Servizos Sociais, dentro dos seus proxectos de intervención, se estime aconsellable a súa asistencia ao Programa.

Terán acceso directo ao servizo, as unidades familiares, nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero.

**Artigo 8. Solicitudes**

1. O prazo de presentación das solicitudes ábrese o día 4 de abril e remata o 12 de abril de 2024.



2. As familias deberán presentar a Ficha de inscrición, Ficha de Matrícula e Autorizacións, que se facilitarán no Departamento de Xuventude, Servizos Sociais e na páxina web do Concello, no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do Libro de Familia completa.
- Fotocopia do Título de Familia numerosa, no seu caso.
- Documento xustificativo da situación laboral: declaración xurada da situación de ocupación (no que se inclúa o horario de traballo) de cada un dos proxenitores ou certificado de empresa co horario de traballo dos dous pais ou titores ou vida laboral. No caso dos/as autónomos/as, último recibo de pago do seguro de autónomos e declaración xurada de horarios de traballo. (no caso de presentación de declaración xurada da situación de ocupación, o concello poderá en calquera momento do proceso, pedir documentación acreditativa da situación activa da persoa que asina a devandita declaración).
- Documento xustificativo da participación dos pais en procesos formativos para a integración laboral, no seu caso, e indicado período de duración e horario.
- Documento acreditativo da situación de familia monoparental: certificado de familia monoparental, fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, xunto co acordo regulador ou resolución judicial sobre as medidas paterno filiais.
- Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia e un informe explicativo do tipo de discapacidade ou das características do/a menor, para os efectos da selección axeitada do persoal de apoio que vai necesitar.
- Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia da /as persoas convivintes na unidade familiar.
- Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal.

No caso da falta de presentación dalgún documento dos solicitados dentro dos límites do prazo, esta requirirase por medios electrónicos: correo electrónico ou tablón da sede electrónica.

Os/as solicitantes poderá elixir entre varias modalidades de campamento urbano:



Servizo básico.

Servizo complementario (con comedor).

Plan madruga.

Así como todo o período vacacional, un mes, ou unha ou varias quincenas.

Quincenas:

Do 1 ao 15 de xullo

Do 16 ao 31 de xullo

Do 1 ao 14 de agosto.

**En todo caso, esta solicitude non estará suxeita a cambios posteriores unha vez rematado o prazo de presentación da solicitude.**

**A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.**

A duplicidade dunha solicitude dará lugar á non admisión de ambas, polo que o/a solicitante quedará fóra do proceso.

#### **Artigo 9. Proceso de Selección:**

O proceso de selección será o seguinte:

- A Comisión de Baremación será o órgano encargado de realizar a lista de admitidos e a de espera, unha vez baremadas as solicitudes polo Concello, conforme ao baremo establecido nestas Bases.
- Publicación dunha lista provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o 5 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, do departamento de Xuventude, Servizos Sociais, na sede e na páxina web do Concello.
- Prazo de presentación de subsanación de documentación e reclamacións no Rexistro Xeral do Concello ata 10 días hábiles contados a partir da publicación da lista provisional.
- Publicación de lista definitiva de admitidos/as o día 25 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, do departamento de Servizos Sociais e Xuventude e na páxina web do Concello.
- Pago no departamento de Tesourería do 25 ao 28 de xuño.

#### **Artigo 10. Listaxe de agarda.**



Publicada a lista definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha lista de agarda cos/as solicitantes excluídos/as, que seguirá a orde que resulte da baremación.

En función das baixas que se produzan na actividade os/as nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista

Realizaranse tres chamadas entre as 9.00 h e as 14.00 h, que quedaran rexistradas para a súa constancia. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera.

#### **Artigo 11. Comisión de Baremación.**

A Comisión de Baremación estará composta por:

Concelleiras delegadas de Servizos Sociais e Xuventude, Técnica de Servizos Sociais e Xestora Sociocultural (Xuventude).

#### **Artigo 12. Causas de baixa.**

A baixa no servizo de Campamentos de Verán poderá producirse por algunha destas causas:

- a solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais de ser baixa no servizo
- superar a idade regulamentaria para o acceso ao servizo.
- incumprimento reiterado das normas establecidas no funcionamento do servizo.
- negativa dos pais, nais, titores ou representantes legais a aboar a tarifa aplicable pola prestación do servizo.
- non asistencia ao servizo sen causa xustificada de tres días durante unha quincena.

#### **Artigo 13. Faltas ao servizo**

Será considerada falta ao servizo a non asistencia.

Considerarase causa xustificada aquelas faltas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:

- Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
- Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.



O resto de faltas na asistencia ao servizo serán consideradas faltas sen xustificar, cun máximo de tres faltas durante unha quincena.

**Artigo 14. Dereitos e Obrigas dos usuarios.**

a). Dereitos dos usuarios:

- 1- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos demais usuarios.
- 2- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- 3- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- 4- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

b) Obrigas dos usuarios:

- 1- Cumprir as normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- 2- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios.

**Artigo 15. Cota.**

No referente ao prezo público máximo a aboar polos/as usuarios/as:

1. O custo máximo por usuario/a do Servizo de Campamento Urbano será o seguinte:  
135 € todo o período.  
90 € mes.  
45 € a quincena.

O custo polo servizo complementario de comedor, será como máximo de 5 €/usuario/a/día. (ver anexo IV: bases que regulan o servizo complementario de comedor)

2. O prazo para efectuar o pago da cota realizaráse do 28 ao 30 de xuño no servizo do Tesourería. A copia do pagamento deberá ser presentada aos monitores/as do servizo o primeiro día de campamento.
3. As cotas do servizo terán unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente: (ano 2024: 600 €), (para estes efectos tomarase como base a declaración do IRPF correspondente ao ano 2022) tal e como se indica:



R.P.C familiar, en base ao IPREM	Aportación	
	Usuario	Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80 e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0

Descontos:

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias con máis dun/dunha menor ao seu cargo, desconto dun 20 %.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 %.
- c) Cando participen no programa varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 %.
- d) Menores pertencentes a familias en situación acreditada de vítima de violencia de xénero, desconto do 20%.

4.- En ningún caso se procederá á devolución da cota de participación unha vez efectuado o pago.

5. Revisión do prezo:

Se se produce una minoración dos ingresos en máis do 20% en cómputo anual respecto aos aplicados para o cálculo da cota, procederase a unha nova realización do cálculo procedendo a fixar una nova contía da cota se procede.

#### **Artigo 16. Seguemento e Avaliación.**

O seguemento do servizo realizarase mediante informes mensuais e a comunicación e coordinación co persoal e cos/as usuarios/as do servizo, establecéndose unha avaliación continua do mesmo que deberá reflexarse nunha memoria final.

## **ANEXO II**





## **BAREMO**

### **Situación sociofamiliar e ocupacional:**

- 1- Por cada membro da unidade convivencial: 1 punto.
- 2- Pola existencia de dous ou máis irmáns que necesiten o servizo: 1 punto.
- 3- Pola condición de familia numerosa: 2 puntos.
- 4- Pola condición de familia monoparental: 5 puntos.
- 5- Unidades convivenciais nas que figuren persoas dependentes, enfermas ou con discapacidade: 2 puntos.

### **Situación económica:**

- 1- En base á Renta per Cápita (RPC) mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (ingresos do ano 2022):
  - a. Inferior ao 25% do IPREM: 4 puntos.
  - b. Entre o 25% e o 50% do IPREM: 3 puntos.
  - c. Superior ao 50% e inferior ao 80% do IPREM: 2 puntos.
  - d. Entre o 80% e o 100% do IPREM: 1 punto.
  - e. Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto.
  - f. Entre o 125% e o 150% do IPREM: -2 puntos.
  - g. Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM: -3 puntos.
  - h. Igual ou superior ao 200% do IPREM: -4 puntos.
- 2- Os ingresos da Unidade Familiar a ter en conta para o cálculo da RPC o constituirá a suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas. No caso de persoas non obrigadas a declarar, as bases imposables obteranse dos datos que aporten os certificados da A.E.A.T (ano 2022)

**3.- En calquera caso queda facultada a Comisión de Baremación a solicitar aclaracións e documentación complementaria á solicitude para resolver dúbidas relacionadas con esta.**

## **ANEXO III**

**Normas para o bo funcionamento do servizo de CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2024.**



- 1- Ao inicio do servizo os pais/nais tutores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matricula facilitando un teléfono de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Ase mesmo, deberán asinar as autorizacións para: asistencia ás actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario e indicando horas, dose e receta médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.
- 2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas.
- 3- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos deberán deixalo/a na casa ata a completa curación.
- 4- Os/as nenas deberán cumprir o horario acordado co servizo. En caso de variación deberá ser comunicado ao servizo.
- 5- En caso de non asistencia ao servizo, deberá ser comunicada e xustificada atendendo ao indicado nos artigos 11 e 12 das bases do servizo.
- 6- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as.
- 7- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os/as técnicos/as do servizo.

**Dereitos dos/as usuarios/as:**

- Acceder ó servizo sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos/as demais usuarios/as.
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

**Obrigas dos/as usuarios/as:**

- Cumprir as normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- Cumprir rigorosamente os horarios de entrada e saída.



- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios.

### **Faltas ao servizo**

Será considerada falta ao servizo a non asistencia ao servizo.

Considerarase causa xustificada aquelas faltas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:

- Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
- Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.

O resto de faltas na asistencia ao servizo serán consideradas faltas sen xustificar, cun máximo de tres faltas sen xustificar na quincena

### **Causas de baixa.**

A baixa no servizo de Campamentos Urbanos de Verán poderá producirse por algunha destas causas:

- a solicitude dos pais, nais, titores ou representantes legais de ser baixa no servizo
- superar a idade regulamentaria para o acceso ao servizo.
- incumprimento reiterado das normas establecidas no funcionamento do servizo.
- negativa dos pais, nais, titores ou representantes legais a aboar a tarifa aplicable pola prestación do servizo.
- non asistencia ao servizo sen causa xustificada durante tres días á quincena.

## **ANEXO IV**

PROGRAMA COMPLEMENTARIO DE ALIMENTACIÓN- CAMPAMENTOS URBANOS 2024 consistente na **oferta de servizo de xantar para os nenos e nenas participantes nos Campamentos Urbanos 2024.**

Dito servizo desenvolverase coas seguintes características:

- Obxectivos:



- favorecer a conciliación familiar, persoal e laboral incrementando os horarios de servizos e a atención á infancia.
- Facilitar unha alimentación equilibrada e saudable aos nenos e nenas que participan no servizo.
- Potenciar hábitos alimenticios, hixiénicos e nutricionais enmarcados nun contexto educativo e de ocio.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social garantindo a protección social dos/as menores e a igualdade de oportunidades.
- Destinatarios:
  - ofértase o servizo a aquelas familias solicitantes do Campamento Urbano.
- Temporalización:
  - Xullo e agosto, de luns a venres en horario de 14:00 a 15:00h.
- Recursos e instalacións:
  - o servizo desenvolverase no centro educativo no que se desenvolve o programa de Campamentos Urbanos 2024, no mesmo entorno que se desenvolven as actividades socioeducativas e lúdicas, unha vez finalizadas estas.
  - Monitoraxe e empresa encargada do catering: 1º prato, 2º prato, postre, pan e auga.
  - Menaxe.
  - Menús adaptados a necesidades específicas (intolerancias).
- Solicitudes:
  - As familias interesadas deberán sinalar esta opción na solicitude normalizada de Campamento Urbano, especificando o período e o tipo de dieta e alerxias alimentarias.
- Prezo:
  - O servizo terá un prezo polo total da duración do campamento, mensual ou quincenal en función do prezo menú/día contratado aplicando as bonificacións correspondentes en función da renda per cápita familiar.
  - A cota correspondente a pagar polo servizo será ingresada pola unidade familiar dentro do prazo contemplado para abono do servizo: seguintes cinco días hábiles trala publicación do listado definitivo no servizo de Rendas



2º) Disporía das **seguintes reducións do prezo** a pagar polo servizo de alimentación baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente (a día de hoxe 600 €), tal e como se indica:

R.P.C familiar, en base ao IPREM	Aportación	
	Usuario	Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80 e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0